

O SMI DEBE SUBIR A 1.100 EUROS POR GARANTÍA SOCIAL E ECONÓMICA

Redacción.- O vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT, Fernando Luján, e a secretaria confederal, Patricia Ruiz, participaron onte na reunión da mesa de diálogo social para tratar de fixar o Salario Mínimo Interprofesional para 2023.

Unha reunión “moi importante para nós”, como afirmou Fernando Luján, “na que defendemos que o SMI suba un 10% ata os 1.100 euros. O propio Goberno dixo que para manter o poder adquisitivo das pensións téñense que subir para 2023 un 8,5%. Ten comprometida na Carta Social Europea que para que non haxa traballadores e traballadoras pobres, tense que chegar ao 60% do salario medio en España, e os nosos estudos din que este salario medio neto está por encima dos 1.100 euros, por tanto, é unha cifra moi estimable pola nosa banda”.

Por iso, sinalou que “é fundamental situar o debate do SMI en termos de suficiencia e de garantía social, e non en termos exclusivamente económicos, como fan outros interlocutores sociais. Pero tamén é importante resaltar que mesmo o debate económico perdérono. Algúns economistas que obtiveron o premio Nobel de Economía, como David Card, acreditaron que a subida do SMI non soamente non destrúe emprego, senón que crea emprego en función dunha mellor repartición da riqueza e unha maior capacidade de gasto das clases máis populares”.

Ademais, hai que ter en conta o segundo informe realizado pola Comisión Asesora para a Análise do SMI do Ministerio de Traballo que achega cálculos, análises e recomendacións útiles para a determinación dun salario mínimo interprofesional para 2023 que se sitúe nunha contía equivalente



ao 60% do salario medio, tal como vimos promovendo os sindicatos e como se comprometeu o Goberno.

Desta forma, UGT insiste en que o incremento para 2023 debe ter en conta especialmente o contexto de elevada inflación existente, que repercute máis sobre os fogares con rendas baixas, entre os que se atopan quen percibe o SMI, co que é fundamental ter en conta que a inflación media en 2022 ata o mes de novembro é do 8,6%.

A Comisión ofrece catro estimacións para o SMI de 2023, calculadas segundo distintas estatísticas salariais, de maneira que todas cumpran o criterio de igualarse ao 60% do salario medio de 2022. Estas van dun mínimo de 1.046 euros a un máximo de 1.082, o que supoñen aumentos do 4,6% e do 8,2% sobre a súa contía actual (1.000 euros), respectivamente. Neste último caso achegárase á cifra da inflación media en 2022 (8,5%).

Pero a Comisión considera ademais que, á hora de elixir a contía final, habería que ter en conta dúas circunstancias: que o cálculo de SMI para 2023 se realice tomando como referencia a estimación do salario medio de 2022, e non o de 2023, que razoablemente cabe esperar que será superior, polo que o SMI debería subir máis para manter a equivalencia co 60% do salario medio de 2023; e o

significativo incremento de prezos experimentado ao longo de 2022, que ten un maior impacto sobre os colectivos de ingresos máis baixos, entre eles os perceptores do SMI.

Para UGT, estas dúas circunstancias que explicitamente recolle a Comisión, só poden operar nun sentido á hora de determinar o incremento para 2023: que o aumento do SMI debe ser do 10%, ata os 1.100 euros.

Ausencia de CEOE e Cepyme

O vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT afeou a ausencia de CEOE e de Cepyme na negociación. “Facemos unha apelación ás patronais para que recuperen a cordura. É importante para as empresas tamén o Diálogo Social e debater cal debe ser o SMI para as persoas traballadoras. Deberían estar na mesa cos sindicatos e o Goberno. Hai que negociar e chegar a acordos. Entre todos debemos contribuír a mellorar o noso país”.

Neste sentido, considerou que “non é razoable que non estean aquí. Non queremos pensar que o que ocorre no debate político está a trasladarse a outros interlocutores sociais. Demostramos nos últimos anos a importancia de chegar a acordos para mellorar a vida das persoas e debemos seguir nesta liña”.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA PRINCIPAL PLATAFORMA DE REPARTO A DOMICILIO DE VIGO INICIAN HOXE UNHA FOLGA PARA DENUNCIAR AS PENOSAS CONDICIÓN LABORAIS QUE SOFREN

Redacción.- Os máis de cen traballadores cos que conta a plataforma de reparto a domicilio Quepidohoy, a máis grande da cidade de Vigo, están chamados a secundar, a partir de hoxe unha folga indefinida para denunciar as penosas condicións laborais ás que se ven sometidos.

Dende FeSMC Pontevedra explican que a dirección da empresa negase a aplicar o convenio colectivo provincial de transporte de mercadorías; non retribúen aos traballadores e traballadoras en relación á xornada pola que foron contratados, presionándoos en ocasións para que asinen voluntariamente unha redución de xornada; cando non teñen carga de traballo para completar a xornada, redúcenlles ou seu xa ínfimo salario ou obrigánnos a crear unha bolsa de horas; débenlles meses de propinas dos clientes; e os EPIS son defec-

tuos e insuficientes.

A Federación aclara que xa no seu día Just Eat lle retirou o servizo que agora prestan directamente cos seus traballadores na cidade olívica.

Ademais, hai que apuntar que a actividade desta empresa supón unha competencia desleal para outras empresas de paquetería e reparto da provincia, que si aplican o convenio deste ámbito.

A día de hoxe Quepidohoy presta



servizo para Aliexpress e para locais de restauración da cidade.

A folga irá acompañada dunha concentración ás 12.00 horas fronte á sede da empresa na rúa Colón en Vigo.

ARRANCA HOXE A FOLGA DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO DIARIO DE PONTEVEDRA POR UN CONVENIO DIGNO E SALARIOS XUSTOS

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do Diario de Pontevedra están chamados a partir de hoxe á folga por un convenio digno e salarios xustos.

O cadro de persoal do xornal pontevedrés denuncia que levan sete anos cos salarios conxelados e, a pesar desta situación, a dirección atrevese a propoñer unha suba salarial dun 1,1% para o 2022, inasumible para os traballadores e traballadoras ante unha inflación elevadísima e despois de arrastrar durante sete anos salarios cunha suba cero. Explican que os salarios non se actualizan dende o ano 2015, o que supón unha perda de poder adquisitivo, segundo progresou o IPC nestes últimos anos, xa do 18%.

A isto sumóuselle un ERTE, por mor da COVID, que, ademais de prexudicar aos traballadores economicamente, supuxo para eles un sobreesforzo para dar cobertura ao cadro de persoal mermado. A empresa aplicou un ERTE a pesares de ser declarado o sector de primeira



necesidade por parte do Goberno.

Concentración este martes

A folga estivo precedida dunha serie de mobilizacións como a concentración que tivo lugar este martes na propia cidade do Lérez entre as rúas Lepanto e Benito Corbal.

UGT CONSIDERA INADMISIBLE A DECISIÓN DO TC DE SUSPENDER A VOTACIÓN NO SENADO QUE ABORDABA A SÚA RENOVACIÓN

Constitúe un precedente moi perigoso que cuestiona abertamente a separación de poderes e o normal funcionamento das institucións e que rebaixa a calidade democrática do noso país

Redacción.- UGT e CCOO tachan de inadmisíbel a decisión adoptada polo Tribunal Constitucional de suspender a votación que o Pleno do Senado debía celebrar esta semana ao redor dos mecanismos para a súa renovación. A proposición de lei que contiña esas modificacións foi aprobada o pasado xoves no Pleno do Congreso dos Deputados e estaba previsto que finalizase a súa tramitación na Cámara Alta esta semana.

Para UGT e CCOO, a decisión do Constitucional supón un precedente moi perigoso que pon en cuestión abertamente a efectiva separación de poderes e o normal funcionamento das institucións, con expresa rebaixa da calidade democrática do noso país. Ante esta resolución, tomada por un pleno do Tribunal Constitucional con parte dos seus membros co mandato caducado desde o pasado mes de xuño, entre eles, o do seu propio presidente, Pedro González-Trevijano, ambos os sindicatos criticaron que aqueles membros do tribunal que son xuíz e parte non están capacitados para tomar decisións sobre unha cuestión que lles incumbe persoalmente.

Tras unha medida que o sindicato cualifica como inxusta, CCOO e UGT esixen

ao Goberno que aborde a reforma dos órganos xudiciais e constitucionais – cuxa renovación leva bloqueada durante anos nalgúns casos – e utilice a potestade lexislativa que lle confire a Constitución Española para elaborar unha proposición de lei, con carácter de urxencia, que acometa unha reforma con todas as garantías xudiciais, que é máis necesaria que nunca tras o ocorrido, e que evite que situacións como esta poidan volver repetirse.

A obstrución por parte do Tribunal Constitucional ao normal desenvolvemento do procedemento lexislativo supón un golpe directo na liña de flotación da división de poderes e, ademais, constitúe unha absoluta falta de respecto á soberanía nacional, que “reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado”, como detalla a lei de leis. Para UGT e



CCOO, ningún tribunal pode converterse de facto nunha terceira cámara, tal e como sucedeu con esta decisión adoptada polo Tribunal Constitucional.

Os máis de catro anos de bloqueo na renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial e agora do Tribunal Constitucional son xa de seu insoportables en termos de calidade democrática e do respecto institucional entre os poderes do Estado, pero a súa instrumentalización é a conculcación dos principios democráticos máis elementais que deben rexer un Estado social e de dereito como o noso.

PACTOS SOCIAIS PARA GARANTIR UNHA TRANSICIÓN ENERXÉTICA, ECONÓMICA, LABORAL E SOCIALMENTE XUSTA

Redacción.- A secretaria de Políticas Europeas de UGT, Mari Carmen Barrera, interveu na reunión da Sección Emprego, Asuntos Sociais e Cidadanía do Comité Económico e Social Europeo (CESE), presentando, como única relatora, o Ditame do sindicato sobre “Política enerxética e mercado laboral: consecuencias para o emprego nas rexións en transición enerxética”.

Barrera sinalou que a UE “debe acelerar a transición cara a unha enerxía limpa e reforzar a independencia enerxética de Europa debido a que os riscos ambientais e enerxéticos pola dependencia de enerxías fósiles, afectan as actividades económicas e ao conxunto das medidas políticas relacionadas, cun alto impacto nas rexións, sectores económicos, traballadores e grupos de poboación máis vulnerables, a través de diferentes maneiras”.

“Unha transición exitosa incrementará o PIB (certos estudos estimano nun 5,6 % en

2050), os niveis de emprego (a OIT e a IRENA estiman que se multiplicarán por 4 os empregos creados respecto dos que se perderán), así como a súa calidade, dada a maior cualificación que precisa”, engadiu. “Ademais, o abaratamento da enerxía a través de renovables mellorará os accesos a servizos e tamén a produción, creando máis emprego. Un emprego máis difícil de deslocalizar, beneficiando a moitas rexións, en especial aquelas con risco de despoboamento”.

“Con todo”, “preocupan os efectos negativos, económicos, ocupacionais e sociais que, a curto e medio prazo, está a xerar unha transición enerxética, agravada pola situación actual (guerra en Ucraia, inflación descontrolada, problemas nas cadeas de subministracións, etc.). O aumento dos prezos da enerxía afectou aos fogares máis vulnerables, así como a moitas empresas repercutindo nos seus niveis de produción e emprego”.

“Para paliar estes efectos, é fundamental maior integración nos marcos normativos e nas políticas ambientais e enerxéticas das políticas de mercado de traballo, incentivos ao emprego de calidade; programas de recualificación profesional; políticas de benestar social.. etc. cuxa integración no marco do plan de desenvolvemento do pilar europeo de dereitos sociais, debe facerse sempre a través do diálogo social e da negociación colectiva”.

Barrera manifestou que “é necesario que a Comisión, o Parlamento, os Estados membros e as rexións da UE adopten medidas que faciliten un desenvolvemento máis equilibrado territorial e socioeconomicamente implicando aos interlocutores sociais e a outras organizacións da sociedade civil no deseño e implementación das políticas de transición enerxética con alto valor engadido en termos de emprego e de protección social, así como no seu seguimento e avaliación”.